



A FOLLA DA CGT

Núm. 62 - 23 abril 2021

Novos ingresos: operarios e empregados sénior 2019

A **CGT** comprobou que hai **irregularidades** na admisión. E hai outro problema: moitos profesionais **non** poden presentarse porque nos seus contratos non figura unha profesión válida. O resto do comité decidiu pedir a revisión das irregularidades, pero manter o das profesións como está.

A **CGT non** asinou as bases desta convocatoria. Pero non imos facer a demagogia que fan outros: recoñecemos que inicialmente non nos decatamos das consecuencias que podían traer os códigos de profesión. Pero agora evidenciouse que son unha traba **inxusta**.

Onte, CCOO acusounos de plantexar isto por intereses particulares. ¡E nos lanza esa acusación alguén que leva meses dando que falar a toda a factoría polos chanchullos persoais que se trae coa empresa! Un descaro digno de Díaz Ayuso.

A **CGT** foi o único sindicato que non foi á revisión do proceso a mirar casos individuais. Non somos unha xestoría laboral á que só lle interesan os seus clientes. Se non chegamos a estar no comité, **non** se demostrarían as irregularidades.

MAS acusounos de **violar** as bases. Eles si que as violaron cando aceptaron que o prazo de reclamacións ás listas provisorias incluíse un festivo. ¿Iso é velar polos intereses de tódolos traballador@s? Máis ben parece querer **dificultar** a presentación de reclamacións.

O sindicalismo de clase ten que velar polos intereses de **tod@s**, pola limpeza dos **procesos**. Por iso

a **CGT** foi á revisión coa intención de comprobar se o proceso estaba **ben**, que é como hai que facer as cousas. E se para facelas ben hai que **reiniciar** a convocatoria, estamos a favor.

En febreiro de 2020, a **CGT** defendeu nunha asemblea xeral da principal a necesidade de reiniciar os procesos sobre unhas novas bases que garantisen a **igualdade de oportunidades**, a **obxectividade** e a **transparencia**. O resto dos sindicatos opuxéronse argumentando que atrasaría os procesos. Visto o visto, manter as bases tampouco significa celeridade.

Seguiremos debatendo na asemblea comprometida. Para nós, **quen leva máis de 3 anos exercendo unha profesión como traballador da IA debe poder presentarse para exercer esa profesión como traballador de Navantia**.



Resolución da Inspección sobre o escalafón

A finais de 2020, a **CGT** presentou unha **denuncia** contra Navantia na Inspección de Traballo pola **non** publicación do escalafón, tras solicitarlo previamente á empresa, contestarnos esta que estaba en "fase moi avanzada" e pasar os meses sen que o publicase.

Este ano tampouco o publicou no prazo que marca o convenio (primeiro trimestre). Estábamos a piques de meter unha nova denuncia, cando esta semana chegounos a resolución da Inspección, que nos dá a razón: Navantia está **violando** os dereitos dos traballador@s e cometendo unha **infracción** laboral.

A **CGT** xa llo comunicou ó resto do comité de empresa, por se deciden facer algo. En calquera caso, a **CGT** xa enviou un escrito á empresa esixindo o escalafón e que poña unha data como **prazo máximo** para publicalo. Esperemos que non se atrevan a ignorar a resolución da Inspección. Se o fan, a **CGT** volverá á carga, aínda que sexa novamente en solitario.

É **impresentable** que unha empresa **pública** cometa **ilegalidades**, e xa van unhas cantas. O Goberno debería tomar medidas de inmediato para poñer freo ós **reaccionarios** que ostentan responsabilidades en RRHH, cuxas arbitrariedades desprestixian á esquerda ante os traballador@s. Ó mellor o fan precisamente por iso, esperando que algún día o PP e Vox lles recompensen polos servizos prestados.

Retribucións en especie

O concepto "retribucións en especie" do certificado do IRPF está xerando moitas dúbidas.

Inclúe o cartucho de Nadal e o seguro colectivo por morte ou incapacidade permanente (art. 36 do convenio) e o complemento de xubilación (disposición adicional 2ª). Pero hai que ter en conta que ó complemento xa **non** ten dereito todo o persoal de convenio.

RETRIBUCIÓN EN ESPECIE

VALORACIÓN	IMPORTES SEGURO + CARTUCHO
INGRESOS EFECTIVOS	IRPF SEGURO + CARTUCHO
INGRESOS REPERCUTIDOS	IRPF CARTUCHO

Destas *retribucións en especie*, os traballador@s pagamos o IRPF do cartucho

(descontado na nómina de decembro); o resto págao a empresa. Outro dato: o seguro non foi incluído no certificado do IRPF de 2019, pero si en anos anteriores.

Pero o peor de todo este asunto é a **falta total** de **información**.

Coa sinatura deste convenio, o complemento de xubilación **deixou** de ser para todos, empezando polos novos ingresos. Para separar complemento e seguro de vida, Navantia **modificou** a póliza. A nova ten unhas disposicións fiscais **desfavorables**, e os xubilados con complemento estanse atopando cuns **mocazos** tremendos de Facenda.

A modificación da póliza fíxose **violando a lei**. O art. 34 do Regulamento dos compromisos por pensións das empresas cos seus traballadores (real decreto 1588/1999) di que nos teñen que **comunicar** os cambios. Tamén dá **dereito** a solicitar información á compañía, que ten 10 días para responder. E establece que "al menos anualmente" **debemos** recibir **informacións** como o número de póliza, as continxencias cubertas ou as prestacións individualmente garantidas.

O Regulamento é de 1999. **Alguén viu algunha vez** tales **informacións**?

A sección sindical da **CGT** formouse a finais de 2018. Somos un sindicato pequeno. Os nosos delegados compatibilizan o comité co choio. ¿Como é posible que sindicatos máis grandes, que levan décadas no comité, con delegados que están alí todo o día, con presenza no intercentros, nalgúns casos con presenza no consello de administración... nunca falasen de nada disto nin esixiran a información á que temos dereito os traballador@s?

A CGT vai plantexar no comité esixir a **entrega a cada traballador/a dunha copia da póliza e do resto da información** á que temos dereito, empezando polos criterios para **calcular** o importe que se lle imputa a cadaquén. Seguiremos informando.

Contra a represión sindical en Cándido Hermida

Cándido Hermida anunciou esta semana máis de 20 despedimentos. Alega causas económicas, pero é **falso**. De feito, contrata persoal mediante ETTs. O que quere é librarse de traballador@s dispostos a **defender** os seus dereitos, que non tragan coa proposta patronal de distribución irregular da xornada. Despide tamén a un traballador que unha semana antes tivo un **accidente laboral**.

A **CGT** exprésalles todo o noso apoio e chamamos a todos os traballador@s a solidarizarse.

Se tocan a un, tocan a todos!

Memoria histórica

A raíz da listaxe que difundimos o 14 de abril, recibimos novos datos.

Marcelino Rey Mauriz tiña 19 anos cando foi paseado. E na lista faltaba Francisco Fernández López, de 30 anos, executado o 8 de xaneiro de 1937 no castelo de San Felipe.

Agradecemos estas informacións e animamos a quen coñeza máis datos sobre traballadores da factoría asasinados polos fascistas en 1936-39 a que nolos fagan chegar. *Que o seu nome non se borre da Historia!*



¿TRABAJAR PARA VIVIR
O VIVIR PARA TRABAJAR?

Por el cumplimiento del RD sobre
COEFICIENTES REDUCTORES.



Por el cumplimiento del RD sobre
COEFICIENTES REDUCTORES.



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte info nas RRSS:

